

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### ROSAL, O

#### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL PLUSVALÍAS*

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada en data 28 de marzo de 2015, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana do Concello do Rosal, expediente que estivo sometido a exposición pública polo prazo de 30 días, en virtude de anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 88 de data 12 de maio de 2015, sen que presentaran alegacións ao mesmo, polo que, de conformidade co artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, elévase a definitivo o acordo e publícase o texto íntegro do artigo logo da modificación:

#### *“ARTIGO 8º.—COTA TRIBUTARIA*

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible que resulta de aplicación dos artigos 6 e 7 o tipo de gravame do 30%.

2. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, a bonificación á que se refire o parágrafo seguinte deste artigo.

3. Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra deste imposto que se devengue nas transmisións de terreos e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes. A cota íntegra tributaria para a aplicación da bonificación computarase pola totalidade dos inmobles obxecto de transmisión lucrativa a liquidar.”

A presente modificación da Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

O Rosal, 13 de xullo de 2015.—O Alcalde, Jesús M<sup>a</sup> Fernández Portela.

